



Tomás Boullosa Moure, concelleiro do Grupo Municipal do BNG de Vilaboa, presenta a seguinte moción para o seu debate e aprobación, se procede, no Pleno do 30/12/09:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Fai unhas semanas celebrouse a comida anual dos maiores, que todos os anos por estas datas o Concello de Vilaboa lle ofrece aos veciños e veciñas do noso concello. A ese acto foi vetada, por parte do goberno municipal, a asistencia dos membros da corporación.

Ese acto, de igual maneira que moitos outros, foi pagado con fondos públicos e, por tanto, foi un acto institucional. Esta foi unha decisión unilateral que non ten xustificación ningunha nin amparo legal, xa que os membros da corporación non poden ser vetados en ningún acto deste tipo. Hai que saber discernir o ámbito público e institucional do ámbito privado.

A asistencia dos membros da corporación a todos aqueles actos do Concello que teñan carácter institucional debe estar garantida e regulada, para así evitar a súa utilización partidista.

Por iso solicitamos do Pleno da Corporación Municipal a adopción do seguinte

ACORDO:

Primeiro. O goberno municipal cursará invitación a todos os membros da corporación municipal aos actos institucionais organizados polo Concello.

Segundo. Regular os actos protocolarios e a asistencia a actos institucionais.

Vilaboa, 29 de decembro de 2009.

Tomás Boullosa Moure

SR. ALCALDE DO CONCELLO DE VILABOA